



RESOLUCIÓN

Asunto: **delimitación das áreas de influencia do Concello de Pontevedra**

Visto o expediente tramitado ante esta xefatura territorial para a delimitación das áreas de influencia do Concello de Pontevedra, resultan os seguintes:

ANTECEDENTES

1 Esta xefatura territorial iniciou o procedemento coa **proposta** da delimitación das áreas de influencia do Concello de Pontevedra formulada polo Servizo Territorial de Inspección Educativa o 31.10.2016. A proposta inclúe a **motivación** da zonificación e a adaptación da planificación para atender as **necesidades de escolarización da poboación residente** nas áreas afectadas.

2 A **Xunta Provincial de Directoras/es** de Pontevedra foi oída o 23.11.2016 segundo consta na acta da reunión (punto 2 da orde do día).

3 Esta xefatura territorial trasladou a proposta o 15.12.2016 ao Concello de Pontevedra para cumprir o trámite de audiencia ao **Consello Escolar Municipal**. Este órgano pronunciouse **favorablemente** á proposta por maioría dos seus membros na sesión extraordinaria do 14.02.2017 nos termos reflectidos na acta incorporada ao expediente.

4 Esta xefatura territorial trasladou a proposta o 24.01.2017 á persoa representante designada polas/polos titulares dos **centros privados concertados** para cumprir o trámite de audiencia.

5 O Servizo Territorial da Inspección Educativa emitiu o 17.02.2017 o **informe favorable** á aprobación das áreas de influencia para a súa aplicación a partir do curso 2017/18.





FUNDAMENTOS LEGAIS E TÉCNICOS

1 A **competencia** para resolver corresponde a esta **xefatura territorial** en virtude do artigo 8 do *Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 245 do 26.12.2012)*, que dispón no seu apartado 1 que **a persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación delimitará no seu ámbito de actuación as áreas de influencia dos centros**, de acordo co procedemento que se estableza por orde da persoa titular da consellería, e logo de consulta aos sectores afectados. Para determinar as áreas de influencia terá en conta que exista un centro docente público e a súa capacidade, a poboación que hai que escolarizar no seu contorno e, sempre que sexa posible, incluirá un centro privado concertado.

2 O **procedemento** para establecer as áreas de influencia dos centros educativos non universitarios está regulado no artigo 2.2 da *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na LOE (DOG nº 53 do 15.03.2013)*. Consonte esta regulación a persoa titular da xefatura territorial delimitará as áreas de influencia dos centros e as límites destas, **oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directoras/es e un/unha representante das/dos titulares dos centros privados concertados**, e logo do **informe da inspección educativa**. De non estar constituído o consello escolar municipal, oírase o concello afectado.

3 As áreas de influencia e límites, segundo o artigo 2.3 da citada orde, terán unha **vixencia de cinco anos prorrogables**, sen prexuízo de que se poida proceder á súa **modificación en calquera momento**, por variación dos postos escolares ou da poboación que haxa que escolarizar no seu ámbito, ou porque así o aconselle a experiencia acadada na súa aplicación.

4 Os prazos establecidos no calendario do **procedemento de admisión e matrícula** (disposición adicional primeira da *Orde do 12 de marzo de 2013*) esixen ditar de inmediato esta resolución para que a zonificación que se aproba entre en vigor no **curso 2017/18**.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es

galicia

En virtude dos antecedentes e fundamentos expostos e de conformidade co informe da inspección educativa do 17.02.2017, **RESOLVO**:

Aprobar a delimitación das áreas de influencia dos centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no Concello de Pontevedra, nos termos indicados no anexo desta resolución.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á data na que se reciba esta resolución, de acordo cos artigos 121, 122 e concordantes da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.






XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º
36003 PONTEVEDRA
Tel.: 986 805903 Fax: 986 805937
xefatura.territorial.pontevedra@edu.xunta.es



ANEXO

DELIMITACIÓN DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA



INTRODUCCIÓN

Este documento contén a proposta de zonificación para os centros educativos do Concello de Pontevedra.

Para as referencias dos límites emprégase referencias cardinais, aínda que con posterioridade pedirase a colaboración dos centros para elaborar un documento por números pares e impares, e mesmo número da rúa no caso das escasas interseccións. O motivo é que as referencias cardinais non mudan co tempo.

Unha vez este documento supere todas as tramitacións elaborárase, usando medios informáticos, un plano de todo o Concello de Pontevedra coas zonas pertencentes a cada centro.

Motivación

A distribución demográfica da poboación do Concello mudou con respecto á última zonificación, o que provocou que uns centros estean máis saturados de alumnado que outros.

A primeira consecuencia disto é que existen centros nos cales hai dificultades para que o alumnado acade praza no colexio que lle toca por zona, e por outra parte, existen outros cunha escasa demanda que non chega a cubrir as prazas que se ofertan.

Por outra parte, a distribución dos centros educativos de Pontevedra provoca moitas veces que téndose a máxima puntuación por domicilio se viva a distancias moi dispares do centro educativo, o que provoca malestar nas familias.

Criterios xerais

- 1) Distancia do domicilio alegado pola familia do alumnado ao centro educativo.
- 2) Simplificación para as familias no proceso de entrada e saída aos centros e redución no número de pasos de peóns, cruces, ... que teñan que atravesar o alumnado e as familias.
- 3) Estabilidade dos cadros de persoal.
- 4) Simplicidade de aplicación da zonificación por parte dos centros (no rural empregar lugares das parroquias, nas rúas empregar beirarrúas enteiras, ...)
- 5) Racionalización na división de zonas optimizando e procurando o equilibrio entre oferta e demanda de tal xeito que non haxa masificacións ou despoboamento nos centros.



Procedemento seguido ata agora

- **Fase 1:** elaboración do documento inicial de traballo.
- **Fase 2:** dar a coñecer aos centros públicos educativos de infantil e/ou primaria e alegacións
- **Fase 3:** dar a coñecer aos centros privados concertados e alegacións
- **Fase 4:** dar a coñecer ás adscricións entre centros que imparten primaria e os institutos, e alegacións
- **Fase 5:** Envío a Consello Escolar Municipal

Procedemento pendente

- Informe Consello Escolar Municipal
- Xunta Provincial de Directores
- Sindicatos
- Documento final e aprobación Xefatura Territorial

Recursos empregados

Entre os recursos empregados para a elaboración deste documento, cabe destacar entre outros:

- 1) Para a denominación das parroquias e lugares empregouse a ferramenta da Xunta de Galicia denominada “Nomenclator”. O motivo é que segundo o artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14 de xullo) “corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.”
- 2) Para a denominación das estradas empregouse a ferramenta da Xunta de Galicia denominada “Catálogo visual de estradas”.
- 3) Mapas facilitadas polo servizo de topografía do Ilmo. Concello de Pontevedra. Citamos explicitamente este recurso, para poder expresar o noso agradecemento pola súa colaboración.



EEI Concepción Crespo Rivas

Código:	36014994								
Enderezo Postal:	Paseo de Valle – Inclán s/n. 36003 Pontevedra.								
Correo electrónico:	eei.crespo.rivas@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151611				Fax: 886151610				
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/eeicresporivas								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	3	3	3	0	0	0	0	0	0
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h	Si. ANPA – Concello			Si. ANPA – Concello			Non		

ADSCRICIÓN: CEP Campolongo

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Avda. da Raíña Vitoria Uxía (ámbalas dúas beirarrúas) ata Rúa Rosalía de Castro
- Rúa Rosalía de Castro (dende Avda. da Raíña Vitoria Uxía ata Rúa Oliva) (beirarrúa leste)
- Rúa Oliva (ata Rúa García Camba) (ámbalas beirarrúa)
- Rúa García Camba (excluída)
- Rúa Andrés Muruais (ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa Andrés Mellado (ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa Peregrina (dende intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa suroeste)
- Rúa Avda. de Vigo (ata intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa suroeste)
- Rúa Germán Adrio (beirarrúa sur)
- Rúa Gorgullón (ámbalas dúas beirarrúas)
- Río Gafos (dende intersección con Rúa Estación ata glorieta Avda. Fernández Ladreda con Avda. de Vigo) (NOTA: o edificio da Avda. de Vigo que da a esta glorieta está incluído)
- Avda. Fernández Ladreda (beirarrúa norte)
- Avda. Manuel de Palacio (beirarrúa norte)
- Avda. de Marín (dende Avda. Manuel de Palacio ata Rúa San Roque)
- Rúa San Roque (beirarrúa leste)

ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Froebel, CEIP Praza de Barcelos, CEIP Álvarez Limeses, CEIP de Cabanas e CEIP San Martiño. Non se considera zona limítrofe o Concello de Poio.



EEI Fina Casalderrey

Código:	36013837								
Enderezo Postal:	Reino Unido 18. 36162 Pontevedra.								
Correo electrónico:	eei.campos@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151578				Fax: 886151579				
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/eeifinacasalderrey								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	3	2	2	0	0	0	0	0	0
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 8.55 a 13.55 h.	Si. ANPA-Concello			Si. ANPA-Concello			Si		

ADSCRICIÓN: **CEP Marcos da Portela**

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

Norte: Río Lárez.

Oeste: vía do ferrocarril desde a ponte sobre o río ata a intersección da mesma vía coa rúa Prado Novo.

Sur: rúa Prado Novo (beirarrúa norte) ata rúa Ángel Amor Ruibal (beirarrúa leste), rúa Loureiro Crespo (dende intersección con rúa Ángel Amor Ruibal ata intersección con rúa San Amaro) (beirarrúa norte), Avenida de Lugo (beirarrúa norte e oeste)

Leste: N-541 ata límite do Concello incluíndose as vivendas situadas da beirarrúa do lado esquerdo de dita estrada en sentido Ourense.

Quedan excluídos deste perímetro todos os lugares pertencentes á parroquia de Bora.

ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP San Benito de Lárez, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Vilaverde Mourente.

Non se considera zona limítrofe o Concello de Cotobade nin a zona do CEIP A Xunqueira nº1 e CEIP A Xunqueira nº2.



EEI de Verducido

Código:	36015500								
Enderezo Postal:	Covadáspera 60. 36151 Pontevedra								
Correo electrónico:	eei.verducido@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 8861515887					Fax:			
Páxina web:	escolaverducido.blogspot.com								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	2			1		0	0	0	0
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h	Non			Con bolsa			Non		

ADSCRICIÓN: **CEIP Santo André de Xeve**

ÁREA DE INFLUENCIA

A parroquia de Verducido. Lugares de: Abelleira, A Bordel, Covadáspera, O Gabián, O Outeiriño, Rosende, Verducido e Vilariño

ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP Santo André de Xeve.



CEIP Álvarez Limeses

Código:	36006377								
Enderezo Postal:	Xoaquín Costa 13. 36001 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.alvarez.limeses@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 986 851 780				Fax:				
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/ceipalvarezlimeses								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h	Si. ANPA – Concello			Si. ANPA – Concello			Non		

ADSCRICIÓN: IES Valle-Inclán

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Rúa Benito Corbal (excluída)
- Rúa Doutor Loureiro Crespo (excluída) (ata glorieta con Rúa José Malvar Figueroa)
- Rúa Doce de Novembro (ata glorieta con Rúa Teixeira) (ámbalas dúas beirarrúas, non inclúe Rúa José Adrio Barreiro)
- Vía do Ferrocarril (dende glorieta Rúa Teixeira con Rúa Doce de Novembro ata a Estación do Ferrocarril incluída)
- Rúa Eduardo Pondal (ata Rúa Germán Adrio) (ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa da Moa, travesía Eduardo Pondal e rúa do Muíño entre rúa Eduardo Pondal e rúa do Gorgullón
- Rúa Germán Adrio (beirarrúa norte)
- Rúa Avda. de Vigo (dende intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa norte)
- Rúa Peregrina (dende Avda. de Vigo ata intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa noreste) (NOTA: o tramo da Rúa Eduardo Pondal que vai dende a Rúa Germán Adrio ata a ponte da Rúa Peregrina é ÁREA DE INFLUENCIA do CEIP Álvarez Limeses ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa Peregrina (dende Rúa Andrés Mellado ata Rúa Daniel de la Sota) (ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa Daniel de la Sota (beirarrúa leste)

ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP de Vilaverde – Mourente, CEIP de Cabanas, CEP Campolongo, EEI Concepción Crespo Rivas e CEIP Praza de Barcelos.



CEIP de Cabanas

Código:	36018690								
Enderezo Postal:	Cabanas 72. Salcedo. Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.cabanas@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151583				Fax: 886151585				
Páxina web:	www.ceipcabanas.com								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.30 a 14.30 h	Si. ANPA – Concello			Si. ANPA – Concello			Si		

ADSCRICIÓN: IES Gonzalo Torrente Ballester

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Rúa Estación (ámbalas dúas beirarrúas) ata estación de ferrocarril (excluída).
- Vía do ferrocarril dende estación de Pontevedra (excluída) ata intersección co río Gafos.
- Río Gafos desde a intersección anterior cara ao sur ata límite do concello.
- Quedan incluídos neste perímetro os lugares da parroquia de Salcedo: A Armada, Birrete, Cabanas, O Campo da Porta, A Cancela, A Carballa, A Carballeira (Salcedo), O Carramal, O Casal, A Costa, O Cruceiro (Salcedo), A Esculca, Matalobos, A Muimenta e O Nabalexo.
- Quedan incluídos neste perímetro o lugar da parroquia de A Virxe do Camiño: A Ponte do Couto
- Tamén se inclúe a Base Xeneral Morillo (BRILAT), situada no enderezo A Armada 35, Salcedo.
- Prolongación de Pintor Urbano Lugrís cruzando a rúa San Brais e atravesando a ponte sobre a circunvalación da autoestrada, deixando a un lado os lugares de A Igrexa (Salcedo) e O Xistro, estando estes excluídos na ÁREA DE INFLUENCIA e deixando Matalobos ao outro lado quedando incluído (ver plano).
- Pintor Urbano Lugrís vindo dende a zona de San Brais (beirarrúa sur) ata Pintor Virxilio Blanco
- Pintor Virxilio Blanco (beirarrúa leste)
- Bibiano Fernández Osorio Tafall (beirarrúa sur)

ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP San Martiño, CEIP Ponte Sampaio, CEIP de Marcón, CEIP Vilaverde-Mourente, CEIP Campolongo, EEI Concepción Crespo Rivas e CEIP Álvarez Limeses.

Non se considera zona limítrofe o Concello de Vilaboa, agás a Base Xeneral Morillo (BRILAT).



CEP Campolongo

Código:	36006420								
Enderezo Postal:	Xeneral Rubín 2. 36003 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.campolongo@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151513				Fax: 886151518				
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/ceipcampolongo								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	0	0	0	3	3	3	3	3	3
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h	Si. ANPA – Concello			Si. ANPA – Concello			Non		

ADSCRICIÓN: IES Sánchez Cantón e ten adscrita a EEI Concepcion Crespo Rivas

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Avda. da Raíña Vitoria Uxía (ámbalas dúas beirarrúas) ata Rúa Rosalía de Castro
- Rúa Rosalía de Castro (dende Avda. da Raíña Vitoria Uxía ata Rúa Oliva) (beirarrúa leste)
- Rúa Oliva (ata Rúa García Camba) (ámbalas beirarrúa)
- Rúa García Camba (excluída)
- Rúa Andres Muruais (ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa Andrés Mellado (ámbalas dúas beirarrúas)
- Rúa Peregrina (dende intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa suroeste)
- Rúa Avda. de Vigo (ata intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa suroeste)
- Rúa Germán Adrio (beirarrúa sur)
- Rúa Gorgullón (ámbalas dúas beirarrúas)
- Río Gafos (dende intersección con Rúa Estación ata glorieta Avda. Fernández Ladreda con Avda. de Vigo) (NOTA: o edificio da Avda. de Vigo que da a esta glorieta está incluído)
- Avda. Fernández Ladreda (beirarrúa norte)
- Avda. Manuel de Palacio (beirarrúa norte)
- Avda. de Marín (dende Avda. Manuel de Palacio ata Rúa San Roque)
- Rúa San Roque (beirarrúa leste)

ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Froebel, CEIP Praza de Barcelos, CEIP Álvarez Limeses, CEIP de Cabanas e CEIP San Martiño. Non se considera zona limítrofe o Concello de Poio.



CEIP A Carballeira (Lourizán)

Código:	36006195								
Enderezo Postal:	A Camboa 10. Lourizán. 36910 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.carballeira@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151574				Fax: 886151575				
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/ceipacarballeira								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	2			1	1	1	1	1	1
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h.	Si. ANPA – Concello			Si. ANPA – Concello			Si		

ADSCRICIÓN: IES Gonzalo Torrente Ballester

ÁREA DE INFLUENCIA

O ámbito de influencia abarca a totalidade da parroquia de Lourizán. Lugares de: Agrovello, O Cabo, A Camboa, A Carballeira (de Lourizán), Caritel, Os Cunchidos, Estribela, A Igrexa (de Lourizán), A Meán (de Lourizán), As Nogueiras, O Outeiro (de Lourizán), Pexegueiro, Os Praceres, O Regueiriño, O Ríal, Rorís, O Rozo

Adicionalmente, inclúese a Avda. Rosalía de Castro (beirarrúa oeste) (dende intersección coa ponte da autoestrada AP-9) e a súa prolongación pola carreteira PO-546 cara Marín (ata límite do Concelo) e Pontemuiños.

ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP San Martiño, CEIP de Cabanas.

Do Concello de Marín considéranse áreas limítrofes as dos CEIP A Laxe e CEIP Carballedo.



CEIP Plurilingüe Froebel

Código:	36006407								
Enderezo Postal:	Xeneral Matitegui 3. 36002 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.froebel@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886159532				Fax: 886159535				
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/ceipfroebel								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h.	Si: ANPA – Concello			Si: ANPA – Concello			Non		

ADSCRICIÓN: IES Sánchez Cantón

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Río Lérez dende a travesía da Galera ata a súa desembocadura, incluíndo o Náutico e o Gremio de Mareantes.
- Rúa San Roque (beirarrúa oeste)
- Rúa Alameda (beirarrúa oeste)
- Arcebispo Malvar (beirarrúa oeste)
- Travesía Galera (beirarrúa oeste)

ÁREAS LÍMITROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia do CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Praza de Barcelos, CEP Campolongo, EEI Concepción Crespo Rivas, CEIP de Parada – Campañó, CEIP A Xunqueira nº 1 e CEIP A Xunqueira nº2.

Considérase zona limítrofe do concello de Poio aquela que inclúa a Ponte da Barca sempre que exista zonificación en Poio; en caso de non existir zonificación en Poio non se considerará zona limítrofe este concello.

Non se considera zona limítrofe do CEIP San Martiño.



CEIP Manuel Vidal Portela

Código:	36006390								
Enderezo Postal:	Avenida de Bos Aires s/n. 3600 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.manuel.vidal@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151937					Fax: 886151938			
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelvidal								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	2	2	2	2	2	2	2	2	2
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h.	Si. ANPA – Concello.			Si. ANPA – Concello.			Non.		

ADSCRICIÓN: IES A Xunqueira II

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

- Río Lérez dende travesía da Galera ata a ponte do ferrocarril
- Vía do ferrocarril dende a ponte sobre o Lérez ata a intersección coa rúa Prado Novo
- Rúa Prado Novo ata a intersección con Ángel Amor Ruibal (ambas as beirarrúas)
- Rúa Ángel Amor Ruibal (beirarrúa oeste)
- Rúa Doutor Loureiro Crespo dende Ángel Amor Ruibal ata Casimiro Gómez (beirarrúa norte)
- Rúa Casimiro Gómez ata a intersección con San Antoniño (beirarrúa leste)
- Rúa San Antoniño (beirarrúa norte)
- Rúa Perfecto Feijoo (beirarrúa leste)
- Rúa Santa Clara (beirarrúa norte)
- Rúa Padre Sarmiento (beirarrúa norte)
- Rúa Sabela II (beirarrúa norte)
- Rúa Arcebispo Malvar (beirarrúa leste)
- Travesía da Galera (beirarrúa leste)

ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEP Marcos da Portela, EEI Fina Casalderrey, CEIP de Vilaverde – Mourente, CEIP Álvarez Limeses, CEIP Praza de Barcelos, CEIP Froebel, CEIP Xunqueira nº 1 e CEIP Xunqueira nº2.



CEIP de Marcón

Código:	36019608								
Enderezo Postal:	Pazos 37. Marcón. 36158 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.marcon@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886151594					Fax: 886151595			
Páxina web:	www.edu.xunta.es/centros/ceipmarcon								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.30 a 14.30 h	Non			Si			Si		

ADSCRICIÓN: IES Frei Martín Sarmiento

ÁREA DE INFLUENCIA: Perímetro:

- Oeste: Río dos Gafos
- Sur: Límite do Concello de Vilaboa e da parroquia de A Canicouva (Lugares de Cacheiro e A Canicouva) que quedan fóra da zona de influencia do CEIP de Marcón
- Leste: Concello de Pontecaldelas que queda fóra da zona de influencia do CEIP de Marcón
- Norte:
 - Estrada PO-243 (Avda. do Marco) dende intersección co río dos Gafos ata intersección con Rúa Conde de Bugallal (beirarrúa sur)
 - Rúa Conde de Bugallal dende intersección con Avda. do Marco ata intersección con Rúa Poza da Barcia (beirarrúa leste)
 - Rúa Poza da Barcia (beirarrúa sur)
 - Final da Rúa Poza da Barcia ata intersección con Rúa Pereiras (beirarrúa sur). Zona proxectada polo PXOM pero aínda sen construír (ver mapa)
 - Rúa Pereiras dende o límite anterior ata intersección con Rúa Pedra do Lagarto (beirarrúa leste)
 - Rúa Pedra do Lagarto dende a intersección con Rúa Pereiras ata intersección con Rúa das Olivas (beirarrúa sur)
 - Rúa das Olivas (beirarrúa sur)
 - Estrada PO-532 (prolongación de Rúa Moldes) dende a intersección con Rúa das Olivas ata chegar ao Concello de Ponte Caldelas (excluído este Concello) (beirarrúa sur)
- Adicionalmente, engádesse a este perímetro os lugares de Peralba, A Barcia e A Cardosa pertencentes á parroquia de Marcón.

ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as zonas de influencia do CEIP de Cabanas, CEIP de Vilaverde-Mourete, CEIP Príncipe Felipe, CEIP Santo André de Xeve e CEIP Ponte Sampaio.

Non se considera limítrofes os concellos de Vilaboa e Ponte Caldelas.



CEP Marcos da Portela

Código:	36019611								
Enderezo Postal:	Suecia 1. Monte Porreiro. 36162 Pontevedra.								
Correo electrónico:	cep.marcos.portela@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax:	Tel.: 886159191				Fax: 886159196				
Páxina web:	centros.edu.xunta.es/centros/cepmarcosportela								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	0	0	0	2	3	3	3	2	3
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.00 a 14.00 h.	Si			Si			Si		

ADSCRICIÓN: IES Luis Seoane e ten adscrita a EEI Fina Casalderrey

ÁREA DE INFLUENCIA

Perímetro:

Norte: Río Lérez.

Oeste: vía do ferrocarril desde a ponte sobre o río ata a intersección da mesma vía coa rúa Prado Novo.

Sur: rúa Prado Novo (beirarrúa norte) ata rúa Ángel Amor Ruibal (beirarrúa leste), rúa Loureiro Crespo (dende intersección con rúa Ángel Amor Ruibal ata intersección con rúa San Amaro) (beirarrúa norte), Avenida de Lugo (beirarrúa norte e oeste)

Leste: N-541 ata límite do Concello incluíndose as vivendas situadas da beirarrúa do lado esquerdo de dita estrada en sentido Ourense.

Quedan excluídos deste perímetro todos os lugares pertencentes á parroquia de Bora.

ÁREAS LIMÍTROFES

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP San Benito de Lérez, CEIP Manuel Vidal Portela, CEIP Vilaverde Mourente. Non se considera zona limítrofe o Concello de Cotobade nin a zona do CEIP A Xunqueira nº1 e CEIP A Xunqueira nº2.



CEIP de Parada-Campañó

Código:	36006109								
Enderezo Postal:	Parada. Campañó. 36 Pontevedra.								
Correo electrónico:	ceip.parada.campano@edu.xunta.es								
Teléfonos e fax	Tel.: 886151601				Fax: 886151602				
Páxina web:	centros.edu.xunta.es/centros/ceipparadacampano								
UNIDADES	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA					
	3 Anos	4 Anos	5 Anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	1	1	1	1	1	1	1	1	1
Horario	Plan Madruga			Comedor			Transporte escolar		
De 9.30 a 14.30 h	Si			Si			Si		

